

Texto: **PABLO ALBO**  
 Ilustracións: **RIKI BLANCO**

Encadernado en cartonné.  
 40 páxinas en color. 16x16 cm.  
 ISBN 978-84-96957-70-1  
 Colección Textos Infames  
 Prezo: 10 €

# MELENA

**Tiven que cortar o pelo.  
 Foi unha experiencia nova para min.  
 Algunhas persoas dicíanme que me  
 crecera de máis. Sobre todo a miña nai.  
 Pero non foir por eso...**

“Melena” é a historia surrealista dun neno moi especial que garda moitas cousas na enorme mata de pelo da súa cabeza: selvas fascinantes, animais extraordinarios, criaturas nunca vistas... e algún que outro intruso diminuto. Afortunadamente, as tesoiras do perruqueiro prívano de semellante maraña de guedellas, mais non da súa rebordante fantasía, nen tampouco de sentimentos que conectan a súa mente e o seu corazón.


As ilustracións converten a melena do protagonista no eixe simbólico do relato visual. Elaboradas con técnica mixta e altas doses de orixinalidade, combinan formas e cores, xogando con metáforas e elementos retóricos. En conxunto, texto e imaxe reivindicán o dereito a imaxinar e soñar realidades que enriquecen a nosa vida.

**PABLO ALBO** (Alicante, 1971)

Diplomado en Traballo Social pola Universidade de Alicante, profesión que non chegou a exercer para adicarse á literatura e á narración oral. Participou nos principais festivais de narración oral que se celebran en España. Gañou en 2003 o primeiro premio do III Certame Internacional de Álbum Infantil Ilustrado "Ciudad de Alicante". En 2008 obtivo o Premio Villa d'Ibi e o Premio Lazarillo coa obra titulada "Diógenes", que editará KALANDRAKA. Publicou artigos sobre narración oral en revistas especializadas como "Ñaque. Teatro, expresión, educación". Na súa faceta como narrador recibiu o primeiro premio da VI Mostra Maratón de Monólogos "Solo ante el peligro". Colabora na Cadena Ser de Alicante recomendando libros infantís e coa Cadena Ser Noroeste como narrador infantil. Reside entre o seu Alicante natal e o seu Albacete de adopción.

**RIKI BLANCO** (Barcelona, 1978)

Estudou na Escola Massana de Barcelona e na Escola Joso Cómics. Dende o ano 2000 publicou unha vintena de libros en editoriais estatais e internacionais, entre os que destaca "Sopa de soño", publicado por KALANDRAKA. Colabora con diversas revistas e xornais; traballou como cartelista, deseñador e asesor artístico; e participou en proxectos de animación audiovisual. Gañou, entre outros, o premio Lola Anglada 2001 de Ilustración Infantil, o 2º Premio de Ilustración Cidade de Torino, o Premio Junceda 2005 e o 2º Premio Nacional de Ilustración 2007. A súa obra foi incluída nas seleccións The White Ravens, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, do Banco do Libro de Venezuela e do catálogo da Feira Internacional do Libro de Boloña 2002. Tamén ten experiencia como docente; a partir de 2009 formará aos alumnos da Escola de la Dona, en Barcelona.



- **Temática:** historia dun neno con moita imaxinación
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** texto surrealista